


Rosalía de Castro

IMOS BEBENDO



UNIDADE DIDÁCTICA
1º e 2º de Ed. Primaria

23 DE FEBREIRO, DÍA DE ROSALÍA

CEIP DE CARNOTA (A Coruña)
CEIP DE GALÁN, DE OSEIRO-ARTEIXO (A Coruña)
CEIP CIDADE VELLA, da CORUÑA
CEIP CHANO PIÑEIRO, de GONDOMAR (Pontevedra)
CEIP EMILIA PARDO BAZÁN, da CORUÑA
CEIP EUSEBIO DA GUARDA, da CORUÑA
CEIP FOGAR, de CARBALLO (A Coruña)
CEIP JUAN FERNÁNDEZ LATORRE, da CORUÑA
CEIP PLURILINGÜE MANUEL MURGUÍA, da CORUÑA
CEIP PLURILINGÜE MOSTEIRÓN, de SADA (A Coruña)
CEIP PLURILINGÜE SAN PEDRO DE VISMA, da CORUÑA
CEIP RAMÓN DE LA SAGRA, da CORUÑA

ROSALÍA DE CASTRO



Rosalía de Castro naceu o 23 de febreiro de 1837 en Santiago de Compostela e pasou unha infancia moi feliz coa súa nai en Padrón. Voltou, xa de moza, a Santiago a estudar música, arte e literatura e alí coñeceu a moitos escritores galegos.


Despois marchou a Madrid onde coñeceu a Manuel Murguía co que casou e tivo sete fillos.

Rosalía foi unha escritora e poetisa galega moi importante. O seu libro «Cantares Gallegos» era o primeiro que se escribía, despois de moitos anos, no noso idioma.

Para celebrar a publicación deste libro de poemas cada 17 de maio celebramos o Día das Letras Galegas e cada 23 de febreiro lembramos que ese día foi o do nacemento da nosa escritora máis ilustre: Rosalía de Castro.



CARICATURA DE ROSALÍA DE CASTRO REALIZADA POR D. PINTOR



CARICATURA DE MANUEL MURGUÍA, MARIDO DE ROSALÍA, REALIZADA POR SIRO LÓPEZ.

ACTIVIDADES



1. Onde naceu Rosalía de Castro?

SANTIAGO

GONDOMAR

CARBALLO

2. Que día?

1 de MAIO

21 de ABRIL

23 de FEBREIRO

3. Onde pasou a súa infancia?

PADRÓN

CARNOTA

SADA

4. Con quen viviu en Padrón cando era unha nena?

CO SEU PAI

COA SÚA NAI

CUNHA TÍA

5. Como se chamaba o seu marido?

M _ N _ _ L M _ RG _ _ _

6. En que cidade o coñeceu?

MADRID

A CORUÑA

BILBAO

7. Cantos fillos tiveron?

3

7


5

4

8

8. Como se titula o primeiro libro de Rosalía escrito en galego?

9. Resolve este encrucillado con datos da vida de Rosalía.





HORIZONTAIS


1. Apelido da autora do libro «Cantares Gallegos».
2. Cidade española na que coñeceu ao que sería o seu marido.
3. Cidade galega na que estudou música, arte e literatura.
4. Número de fillos que tiveron Rosalía e Manuel Murguía.
5. Localidade galega na que Rosalía pasou a súa infancia.
6. Apelido de Manuel, o marido de Rosalía de Castro.
7. Mes no que naceu Rosalía.
8. Nome da escritora galega máis importante.

1. CASTRO 2. MADRID 3. SANTIAGO 4. SETE
5. PADRÓN 6. MURGUÍA 7. FEBREIRO 8. ROSALÍA

10. Recorta e compón o crebacabezas de Rosalía de Castro.



11. De «Cantares Gallegos» fixéronse moitas edicións e con portadas variadas. Poderías ti deseñar unha portada nova?




ROSALÍA DE CASTRO

CANTARES

GALLEGOS

LIBRERÍA GALI · SANTIAGO

12. De Rosalía de Castro hai moi poucas fotos e si moitas caricaturas e debuxos. Atrévete a facer unha caricatura da autora?




13.- Rosalía de Castro escribiu moitos libros. Segue as liñas, averigua a palabra que falta en cada título e inventa unha portada para cada un deles.

TERRA

CANTARES

FOLLAS



GALLEGOS

**CONTOS
DA MIÑA**

NOVAS

IMOS BEBENDO




ROSALÍA DE CASTRO

Follas Novas

Teño tres pitas brancas
e un galo negro,
que han de poñer bos ovos
andando o tempo.
E hei de vendelos caros
polo xaneiro;
e hei de xuntar os cartos
para un mantelo,
e heino de levar posto
no casamento.

...



COMPRESIÓN



1. Cantos animais hai no poema? Arrodea e pinta.

OITO DEZ NOVE CATRO DEZASETE DOUS VINTE

2. Como é o galo?

3. De que cor son as tres galiñas?

4. Completa o debuxo do galiñeiro. Xa tes o galo, cantas galiñas tes que debuxar? Arrodea e pinta.

VINTE E CATRO SETE DEZANOVE TRINTA ONCE TRES



5. En que mes pensa vender os ovos?

6. Que quere mercar cos cartos que xunte?

7. Cando o quere levar posto?

8. Ordena estas palabras para formar oracións.

VENDELOS POLO XANEIRO. HEI CAROS DE

TRES E BRANCAS TEÑO PITAS NEGRO. UN GALO

9. Forma parellas coas palabras do recadro.

NEGRO CAROS BRANCAS CASAMENTO


OVOS ►

GALO ►

MANTELO ►

PITAS ►

10. Completa o encrucillado con palabras do poema de Rosalía.




HORIZONTAIS

1. De que cor son as tres pitas?
2. Que vai xuntar a rapaza?
3. Que poñen as tres pitas?
4. Como se chama a prenda de vestir que vai mercar cos cartos que xunte?
5. Que animal era negro?
6. En que mes vai vender os ovos?
7. Que animais eran de cor branca?

1. BRANCAS 2. CARTOS 3. OVOS 4. MANTELO 5. GALO 6. XANEIRO 7. PITAS


11. Que camiño ten que seguir o galo para visitar ás pitas?



12. Localiza nesta sopa de letras as palabras do poema que aparecen no recadro.

MANTELO
 GALO
 PITAS
 OVOS
 XANEIRO
 CARTOS
 TRES

P	I	T	A	S	X	B	L	C
C	B	X	A	N	E	I	R	O
L	G	C	A	R	T	O	S	X
M	A	N	T	E	L	O	D	
X	L	B	R	T	R	E	S	
C	O	V	O	S	G	X	B	



13. Serás quen de completar o poema de Rosalía de Castro? Usa as palabras do recadro e ilústrao.

**xaneiro mantelo galo ovos vendelos
cartos levar pitas casamento tempo**

Teño tres brancas

e un negro,

que han de poñer bos

andando o .

E hei de caros

polo .

e hei de xuntar os

para un ,

e heino de posto

no .

